

## ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE FONTANEIRO NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Na Sala de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 9:30 horas do día 4 de marzo de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de fontaneiro, correspondente á convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Salvaterra de Miño, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 37 de 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: Antonio Tubío Fungueiro, Oficial de mantemento do Centro Príncipe Felipe da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretaria: Ruth Belén Lis Álvarez, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia.

Vogais:

Raquel Carracedo Picáns, administrativa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación Provincial de Pontevedra

Ana Isabel Pichel Pazos, Técnica de xestión do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Pontevedra

Beatriz Domínguez Riobó, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia

Constituído o Tribunal cualificador, a Secretaria toma a palabra e da conta do seguinte:

- Que son 3 persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo
- Que todas as persoas aspirantes posúen o Título CELGA correspondente á praza

A continuación, de acordo co previsto na base oitava das bases xerais da convocatoria, procedeuse a valorar os méritos da fase de concurso, segundo os seguintes criterios de puntuación:

**"BAREMO DE MÉRITOS:**

**1. Experiencia profesional:** A puntuación máxima deste apartado será de 90 puntos. Non se discriminará entre xornada parcial e completa.

**1.1-** Por servizos prestados neste concello en praza igual á obxecto desta convocatoria en calidade de persoal temporal, 0,50 puntos por cada mes de traballo.

**1.2-** Por servizos prestados neste concello en outras prazas distintas á obxecto desta convocatoria en calidade de persoal temporal, 0,10 puntos por cada mes de traballo.

**1.3-** Por servizos prestados en calquera administración en praza igual á obxecto desta convocatoria en calidade de persoal temporal, 0,15 puntos por cada mes de traballo.

**1.4-** Por servizos prestados en calquera administración en praza distinta á obxecto desta convocatoria en calidade de persoal temporal, 0,05 punto por cada mes de traballo.

*Acreditarase mediante contrato ou certificación da administración correspondente. No caso de traballadores/as en activo neste concello, este realizarase de oficio.*

**2. Ouros méritos:** *A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.*

**2.1- Superación de procesos selectivos:** *A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.*

- *Por superar un ou máis procesos selectivos, neste concello, en convocatorias anteriores para prazas iguais á obxecto desta convocatoria, 4 puntos.*
- *Por superar un ou máis procesos selectivos, en outros concellos, en convocatorias anteriores para prazas iguais á obxecto desta convocatoria, 2 puntos.*
- *Por superar un ou máis procesos selectivos, en outras administracións, en convocatorias anteriores para prazas iguais á obxecto desta convocatoria, 1 puntos.*

*Acreditarase mediante certificación da administración correspondente. No caso de traballadores/as en activo neste concello, este realizarase de oficio.*

**2.2- Cursos de formación:** *A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.*

*Valoraranse os cursos impartidos ou homologados polas administracións públicas, por promotores incluídos nos acordos de formación continua coas administracións públicas, así como os realizados en empresas concertadas coa Administración, sempre e cando garden relación coas funcións a desempeñar. A valoración realizarase do seguinte xeito:*

- *Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas lectivas: 0,8 puntos.*
- *Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 0,7 puntos.*
- *Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas lectivas: 0,6 puntos.*
- *Por cada curso con duración inferior a 20 horas lectivas: 0,3 puntos.*

*A formación acreditarase mediante certificado ou diploma no que conste o número de horas, nome, data do curso e datos persoais. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non figure o número de horas lectivas.*

**2.3- Coñecemento de lingua galega:** *A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.*

**a) Para prazas de oficios:**

- *CELGA 2: 0,50 puntos.*
- *CELGA 3: 0,75 puntos*
- *CELGA 4: 1 punto.*

**b) Para prazas administrativas e técnicas:**

- *CELGA 4: 0,50 puntos*
- *Curso linguaxe administrativa nivel medio: 0,75 puntos.*
- *Curso linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto.*

*Só se puntuará o curso de maior nivel.*

**2.4- Titulación superior, master ou posgrado na especialidade:** A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

Por posuír titulación superior, master ou posgrado relacionado coa praza a que se opta, 0,5 puntos por cada un.

O/a aspirantes que non acredite posuír o título CELGA correspondente á praza, deberá realizar unha proba oral que acredite a capacidade de comunicación en galego e participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.”

Por unanimidade dos membros, acordase que dentro do criterio denominado “2.2-Cursos de formación” valoraranse os cursos que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e aptitudes transversais como: prevención de riscos laborais, igualdade e non discriminación, violencia de xénero, traballo en equipo, protección de datos, transparencia e calidade dos servizos.

Atendendo ao anterior, as puntuacións outorgadas ás persoas aspirantes foron as seguintes:

Aspirante	Experiencia Profesional	Outros méritos				Puntuación total
		Superación Procesos Selectivos	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	Titulación superior, master ou postgrao	
Modesto Fernández González	42 ptos	4 puntos	1,2 puntos	0,75 puntos	0,5 puntos	48,45 puntos
Juan Javier Lorenzo Cebreiro	90 ptos	4 puntos	1,8 puntos	0,75 puntos	0,5 puntos	97,05 puntos
Javier Varela Porto	0 puntos	0 puntos	0,8 puntos	0,75 puntos	0 puntos	1,55 puntos

As persoas aspirantes poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de dous (2 días) hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación na sede electrónica das puntuacións outorgadas na fase de concurso.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, sendo as 10:20 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente,

Firmado por LIS ALVAREZ  
RUTH BELEN - 53185886L el  
día 04/03/2024 con un  
certificado emitido por AC  
FNMT Usuarios